O 22 de maio de 2019 tivo entrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión do informe preceptivo en relación co anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia. Posteriormente, con data do 23 de maio de 2019, remitiron a memoria xustificativa da necesidade de elaborar a citada norma.

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), e en base ás competencias que lle confire o artigo 41 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 141, do 24 de xullo), a DXARA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto da presente lei a regulación da produción e xestión sustentable dos residuos, potenciando medidas que preveñan a súa produción e diminúan os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio, vinculados á súa xeración e xestión, á vez que se fomenta o uso sustentable dos recursos e a transición cara a unha economía circular no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais esta lei regula o réxime xurídico dos solos contaminados.

SEGUNDO.- O anteproxecto de lei cuxo texto se somete a informe consta de 91 artigos, dunha Exposición de Motivos, dun título preliminar, oito títulos, tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dous disposicións derradeiras.

Esta norma que se informa pretende proporcionar á Comunidade Autónoma de Galicia un réxime xurídico completo e actualizado, de conformidade co marco normativo vixente, en materia de produción, xestión de residuos e solos contaminados.

Así, desde a publicación da última lei galega de residuos (Lei 10/2008, do 3 de novembro) aconteceron cambios moi importantes, consecuencia da entrada en vigor de novas normas no ámbito comunitario e estatal que estaban a incidir dunha maneira directa sobre a normativa autonómica e que xustifica a necesidade de actualizar o marco xurídico existente.

Exemplo destes grandes cambios foi que a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, estableceu o marco xurídico da Unión Europea para a xestión dos residuos, proporcionou os instrumentos que permiten disociar a relación existente entre crecemento económico e produción de residuos e incorporou o principio de

CVE: HoItYSfV41
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

xerarquía na produción e xestión de residuos, transformando en definitiva a Unión Europea nunha "sociedade da reciclaxe".

Posteriormente, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, traspuxo ao ordenamento estatal a Directiva marco de residuos e, coa finalidade de simplificar as cargas administrativas sobre os operadores, substituíu parte das autorizacións administrativas existentes na lei anterior por comunicacións previas, o que ocasiona que esta lei que se informa reforce as potestades das Administracións públicas para a inspección, a vixilancia e o control das actividades reguladas.

Todos estes cambios normativos, xunto coa necesaria transición que está a vivir a nosa comunidade autónoma cara a unha auténtica Economía Circular como consecuencia das premisas impostas no ámbito comunitario, fan necesario que se dote a Galicia da súa propia estratexia de economía circular, adaptándoa ás súas propias peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas.

TERCEIRO.- O título preliminar establece unha serie de disposicións xerais, a distribución competencial entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as das entidades locais, establecendo a necesaria coordinación entre elas, e os principios da política de residuos.

O título I regula a planificación da política de residuos e os seus instrumentos, as medidas económicas e financeiras e as funcións da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

O título II dedícase á regulación das obrigas das persoas produtoras, posuidoras e xestoras de residuos, ao réxime de intervención administrativa en materia de residuos, e ao traslado de residuos.

O título III ocúpase da xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais.

O título IV regula a responsabilidade ampliada do produtor do produto.

O título V aborda a expropiación, facendo referencia a declaración de utilidade pública e a súa solicitude.

O título VI ocúpase dos solos contaminados, recollendo unha serie de disposicións xerais (capítulo I), a avaliación da calidade do solo (capítulo II), solos contaminados e persoas obrigadas (capítulo III) e o rexistro da calidade do solo (capítulo IV).

O título VII ocúpase do fomento, referíndose en concreto á posibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia de outorgar axudas económicas para incentivar mecanismos de prevención de residuos e ás accións de promoción e difusión que realizará anualmente a consellería competente en materia de residuos.

Por último, o título VIII regula a vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora.

CVE: HoItYSfV41
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO.- O artigo 42.7 da LOFAXGA, incardinado no Capítulo II, referido ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, establece:

> *"7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público."*

QUINTO.- En canto aos métodos de traballo, considérase axeitado o previsto nesta lei en relación aos plans e programas de xestión de residuos (artigo 16) e dos programas locais de prevención e xestión de residuos (artigo 20), ao seguirse o disposto no artigo 12 Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, normativa básica estatal na materia.

SEXTO.- A lei contempla varios procedementos administrativos iniciados a instancia de parte, entre os cales atópanse os seguintes:

-Actividades en materia de residuos e instalacións de xestión de residuos sometidas a autorización (artigo 27).
-Denegación da solicitude de autorización (artigo 28).
-Prazo para resolver e notificar as autorizacións (artigo 29).
-Actividade suxeitas a comunicación previa (artigo 30).
-Comunicación previa dos sistemas individuais (artigo 45).
-Autorización dos sistemas colectivos (artigo 46).
-Solicitude de declaración de utilidade pública (artigo 49).

Respecto aos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte cómpre salientar que a normativa de desenvolvemento dos procedementos e os formularios de solicitudes e de comunicacións previas asociados, deberán axustarse á Guía de textos e formularios normalizados aprobados polo Consello da Xunta o día 22 de abril de 2014 e actualizados por Resolución conxunta do 22 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproba a versión 2.0 das Guías para a habilitación electrónica de procedementos e publicadas o día 26 de decembro de 2016 no DOG, e dispoñibles na http://intranet.xunta.gal/guias-habilitacion-procedementos

Para a habilitación dos procedementos administrativos na sede electrónica, a normativa de desenvolvemento que regule os mesmos, deberá contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e avaliación e reforma administrativa da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e de acordo co disposto na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos.

CVE: HoItYSfV41
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SÉTIMO.- En relación cos procedementos administrativos de oficio, o artigo 41.2.C.c) do Decreto 74/2018, do 24 de xullo, establece que son competencias da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa: "*A emisión de informe para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*"

Debido a que nesta norma se regula no capítulo III do título VI o procedemento de declaración de solos contaminados e no capítulo III do título VIII un procedemento sancionador, convén lembrar que para incorporar, no seu caso, os procedementos de oficio e habilitar todas as funcionalidades necesarias na súa tramitación, en especial a utilización do servizo notifica.gal ou outros servizos electrónicos, sería necesario a súa incorporación previa ao Inventario de Información Administrativa (IIA) e solicitar o informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA, de conformidade coas Instrucións aprobadas pola Subcomisión de interoperabilidade o 2 de xullo de 2018 e dispoñibles na intranet da Xunta de Galicia. https://intranet.xunta.gal/habilitacion-procedementos-oficio-iia

OITAVO.- O artigo 13 deste anteproxecto de lei que se informa establece que os dereitos de acceso á información e de participación rexeranse pola súa normativa específica (Lei 27/2006, do 18 de xullo, BOE do 19 de xullo de 2006). Non obstante o anterior, cómpre salientar o previsto no apartado terceiro da disposición adicional primeira da Lei 19/2013 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, que dispón que esta lei será de aplicación, no non previsto nas súas respectivas normas reguladoras, ao acceso á información ambiental.

NOVENO.- Na disposición adicional primeira desta lei establécese a obrigatoriedade da tramitación electrónica dos procedementos administrativos e das obrigas de información previstas na propia lei. Cómpre lembrar que, de acordo coa regulación establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as persoas físicas non son suxeitos obrigados á tramitación electrónica, motivo polo cal na normativa de desenvolvemento desta lei deberá xustificarse esta forma de tramitación, tal e como se desprende do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015.

DÉCIMO.- Por último procede indicar unha serie de melloras puntuais no texto e de técnica normativa:

-Na Exposición de Motivos establécese que *"o articulado da presente Lei estrutúrase en IX Títulos que desenvolven 88 artigos"* e en realidade o articulado está composto por un total de 91 artigos.

-Na Exposición de Motivos establécese que *"Expresamente derrógase a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia"*, porén na disposición derrogatoria única sinálase que queda derrogada a *"Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia excepto o Título IV, artigos 30 a 36, como consecuencia do sinalado na Disposición Transitoria Segunda."*

-Atendendo ao disposto nas directrices de técnica normativa (43) aprobadas por Acordo do Consello da Xunta de Galicia (DOG núm. 219, do 14 de novembro de 2014), recoméndase que a disposición derrogatoria única desta lei se peche cunha cláusula xeral de salvagarda

CVE: HoItYSfV41
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

que delimite a materia obxecto de derrogación e que sexa do seguinte estilo: “Así mesmo, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto en....”.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa , sen prexuízo do disposto nos apartados sexto e sétimo deste informe, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

Asinado por: PRIETO VISO, NATALIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 10/06/2019 09:52:21

CVE: HoItYSfV41
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve